


Escolma Poética / Primavera 1.988

8º Festival da Poesía / Salvaterra de Miño

Traduccións: Xan Carballa
Portada: Loquis
Deseño: Tres Doble, S.A.
Coordenación editorial: X.A. Suárez
Impresión: Grafismar, S.L.

Colaboran:
Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Cultura)
Deputación Provincial de Pontevedra
Concello de Salvaterra
Concello de Vigo

Margarita Ledo Andión



(Castro de Rei, 1.951)
Naceu o mesmo ano en que naceu a Beat e, para escreber en galego, publica dous cadernos de poemas ó inicio dos setenta. Os dez anos de se editar *O Corvo érguese cedo* (1.973), retorna á creación literaria co libro de narrativa *Mamá-fe* (1.983), coa novela *Trasalba* (1.985) e na Festa da Poesía no Condado. No decorrer deste ano 1.988 publicaráse a novela *Porta Blindada*. Tamén, e na súa obsesión pola mistura de materiais artificiosos e do real de noticiario, editaráse *Línguas mortas*, serial radiofónico, textos que, por entregas, foron saíndo no libro do Festival e que son parte dunha emisión pirata de radio, na Pedrera barcelonesa, que se identificaba como *A Raia do Indio*, en homaxe a un dos textos de Comunicacións de Luis Seoane.

Xornalista, dirixiu A Nosa Terra e máis Escrita, revista de cultura da Asociación de Escritores; fixo o proxecto do mensal sindical Adiante e o diseño da revista de mulleres Festa da Palabra Silenciada; é, nestes momentos, profesora de Comunicació Audiovisual da Autónoma de Barcelona e como investigadora da comunicación é autora dos ensaios *Prensa e Galeguismo* (1.982) e *Foto-xoc e xornalismo de crise* (1.988).

Linguas mortas (Serial radiofónico). 9

Deixame construir o segredo no que devala o brilo da ternura en retornando
(Corta. Esta voz non lle vai. Impóstaa máis.)
Deixame construir
(Corta. Dálle ar de non entenderes ren. Ar burgués.
E despois d-e-l-e-t-r-e-a-s)
Deixame construir o segredo no que devala o brilo
(Deixao. Empeza na noutra liña)
Inmenso e clandestiño como a loita de clases.
Brilo mortífero da barila da bici no autobús de Soweto
que entra limpa no branco
e onde nin serve
homildade científica
ou o orgulo gay.

Linguas mortas (Serial radiofónico). 10

Qué botan perguntou en tirando da argola mentres a leva ós morros.
Botan unha.
Contando coa diferencia horaria o vendedor de lavadoras saca
de cinto e xa está a ponto en ponto nas news 7 p.m.
(Difícil obxectivo esa fera que o deserto acobilla e que é area)
O cuarto dos cativos.
O mísil que se achega coma o home do saco. Bico mediático.
Estaloque nos dentes e na pelvis e o meu abraio diante do ollomol que me asexa por entre o pesadelo cando nin susurrar quería auga se rexistra nos ecos apacibeis e na noite que atrona en Bengasí.
¿Cómo era iso da dinamita para que dunha vez se vos deixe cantar, chicano-black?.

Los Lobos. Bailable e arrimado.

.....

N. "O ataque nocturno da aviación norteamèricana a Tripoli e Bengasí o 15 de abril de 1.986, con misís autoguiados a traveso da detección de imaxes infravermellas na escuridade, confirmou a sofisticación tecnolóxica do armamento que hoxe poseen as grandes potencias". R.G. El simio informatizado. Fundesco, M, 87.

.....